

IGUALDADE DE XÉNERO (2º ESO)

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO 2021/2022

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

IESP DE AMES

ÍNDICE

1.Introdución e contextualización.....	4
2.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.	4
2.1.Concreción dos obxectivos para o curso:.....	5
2.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de:.....	6
2.2.1. Temporalización	6
2.2.2. Grado mínimo de consecución para superar a materia (en cursiva e vermello)	8
2.2.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	11
3. Concrecións metodolóxicas que require a materia	24
4.Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.....	25
5.Actividades de aprendizaxe.....	25
6.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	26
7.Concreción dos elementos transversais que se traballarán ao longo do curso.....	29
8- Actividades extraescolares e complementarias.....	29
9. ANEXO	30

INDICE

- 1.Introdución e contextualización
- 2.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais
 - 2.1.Concreción dos obxectivos para o curso
 - 2.2.Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - 2.2.1.Temporalización
 - 2.2.2.Grado mínimo de consecución para superar a materia
 - 2.2.3.Procedementos e instrumentos de avaliación
- 3.Concrecións metodolóxicas que require a materia
- 4.Materiais e recursos didácticos que se van utilizar
- 5.Actividades de aprendizaxe
- 6.Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
- 7.Concreción dos elementos transversais que se van traballar
- 8.Actividades extraescolares e complementarias
- 9.Anexo (lista de lecturas voluntarias)

1.Introdución e contextualización

A educación constitúe un instrumento fundamental para mudar as situacións de desigualdade que aínda se reproducen entre o alumnado. As redes sociais, moitas das mensaxes que se envían desde os medios de comunicación, algunhas tipoloxías de literatura e música, a publicidade, o descoñecemento do que significa realmente o feminismo... son algunhas das causas que fan que o machismo se minimize e acepte, en ocasións, como algo natural, impedindo así os avances precisos para unha sociedade máis racional e igualitaria.

Por iso, con esta materia de **Igualdade de xénero**, preténdese concienciar ao noso alumnado para que actúe de xeito crítico ante estas situacións percibidas, no seu contorno e fóra del, e para que recoñezan as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo.

A diversificación formativa e profesional, así como a toma de decisións libres de estereotipos de xénero, tamén resulta imprescindible para contribuír a este cambio social e non perpetuar os mecanismos de selección educativos e profesionais baseados no xénero.

Por outra parte, na escola seguen a invisibilizarse, en moitos casos, as achegas das mulleres nos distintos campos do saber, o que fai que os referentes sigan a ser os valores predominantes masculinos, que dan continuidade a roles diferenciados en función do seu xénero.

2.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.

No currículo da materia **Igualdade de xénero** aparecen recollidas as competencias traballadas en cada estándar, detallándose a continuación a contribución da área ao desenvolvemento das mesmas:

- **CCL:** comprender o sentido do material utilizado na clase; expresarse oralmente e por escrito con corrección; respectar as normas de comunicación.
- **CSC:** desenvolver capacidade de diálogo; amosar interese en (des)aprender os estereotipos de xénero; respectar a diversidade nas relación afectivo-sexuais
- **CEC:** valorar como algo enriquecedor a visibilización do traballo da muller na cultura universal; elaborar traballos e presentación con sentido estético.
- **CAA:** xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe; xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- **CD:** empregar e seleccionar distintas fontes para a busca de información; elaborar información propia derivada da obtida nas TIC.
- **CMCT:** amosar respecto e interese polo traballo da muller nos distintos ámbitos científicos.

2.1.Concreción dos obxectivos para o curso:

- Comprender a diferenza sexo- xénero, entendendo como este último determina socialmente a construción das identidades masculina e feminina.
- Comezar a reflexionar sobre como a sociedade na que vivimos asigna, desde a infancia, condutas e características psicolóxicas diferentes a mulleres e homes .
- Valorar de xeito positivo a igualdade de dereitos e oportunidades entre os dous sexos, recoñecendo e rexeitando estereotipos e prexuizos sexistas.
- Identificar as situacións de discriminación, tanto no pasado como no presente, entendendo a necesidade de dar visibilidade a estas situación con datas significativas e outros feitos (por exemplo, a linguaxe inclusiva)
- Analizar e reflexionar sobre algún dos modelos culturais dominantes (por exemplo, o amor romántico) que supoñen un obstáculo para a igualdade e a construción de relacións máis xustas e igualitarias.
- Respectar os diferentes tipos de familias, así como as distintas relación afectivo-sexuais.
- Identificar algún dos tipos de violencia machista
- Reflexionar sobre os condicionamentos sociais de xénero no desenvolvemento persoal e das propias actitudes e comportamentos, adoptando unha postura crítica ante os mesmos.

2.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

2.2.1. Temporalización

A temporalización debe ser progresiva, valorando no alumnado a adquisición e asimilación continua dos diferentes estándares de aprendizaxe, incluídos nos seguintes bloques de contidos.

Bloque 1: A construción social das identidades sexuais e de xénero

Bloque 2: Relacións de xénero e afectividade

Bloque 3: Da discriminación á igualdade de oportunidades

Bloque 4: Cara a unha sociedade sen violencia machista.

A amplitude e diversidade dos contidos propostos nesta materia, así como o seu carácter multidisciplinar, deixan abertas diferentes posibilidades de organización, secuenciación e concreción. Os contidos recollidos no currículo estruturaránse en base a estas unidades principais:

1. SEXO E XÉNERO. DÚAS PALABRAS, DÚAS HISTORIAS

- Diferenza sexo e xénero.
- Introducción a conceptos básicos como patriarcado, feminismo, machismo, micromachismos, sexismo, roles de xénero, prexuizos de sexo-xénero e violencia de xénero.

2. 25 NOVEMBRO (DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES). POR QUE?

- Por que este día? Violencia contra as mulleres. Diferentes tipos de violencia.

3. O EMOCIONARIO É DE TOD@S

- Universo emocional.
- Verbalización das emocións e os sentimentos por parte de mozos e mozas. Facémolo igual?
- Custos sociais da masculinidade e feminidade tradicionais.
- Hai novos modelos de masculinidade e feminidade.
- Comprensión, respecto mutuo e igualdade de trato nas relacións afectivas entre persoas de ambos sexos.

- Todxs. Linguaxe non sexista: por que resulta necesaria?

4. 8 MARZO (DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES). PARA QUE?

- División sexual do traballo e acceso desigual ao mundo laboral. Análise da representación de homes e mulleres nos ámbitos público e privado.
- Actitude positiva e activa ante a corresponsabilidade de homes e mulleres no ámbito doméstico.
- Medidas, tanto institucionais como de grupo ou individuais, que configuren alternativas para lograr a igualdade real entre os sexos.

5. NIN PRÍNCIPES NIN PRINCESAS

- Roles sociais de xénero e interiorización dos mesmos na sociedade. Construción das identidades masculina e feminina.
- Transmisión dos estereotipos a través dalgúns axentes de socialización: contos, publicidade, cine, xogos, redes sociais...
- Deconstrución destes mitos e prexuízos sexistas a través deses mesmos axentes sociais
- Detección, análise e interpretación crítica da imaxe estereotipada dos homes e as mulleres en diferentes medios audiovisuais.

6. IGUAIS PORQUE SEN TI, SON EU. CONTIGO TAMÉN.

- Os mitos do amor romántico.
- Dependencia emocional. Relacións de poder, dominio e submisión nas relacións de parella.
- Reflexión sobre estatísticas extraídas de informes oficiais sobre o tema a tratar.
- Recoñecemento deses mitos na linguaxe audiovisual (vídeos musicais, cine e televisión).
- *O amor é outra cousa.* A construción do amor en positivo.

A estruturación destes contidos non implica un tratamento diferenciado e separado, senón que a maioría dos contidos van ser traballados **de xeito progresivo e interrelacionado no 1º, 2º e 3º trimestre**, o que é recomendable desde unha perspectiva metodolóxica.

En todos os bloques resulta fundamental a motivación do alumnado para participar activamente nas tarefas e nos debates propostos, favorecendo o intercambio de ideas

que conduzan a valorar positivamente a contribución persoal na construción dunha sociedade máis igualitaria.

Por outra parte, considérase imprescindible o fomento dun clima de confianza na aula, adecuado para a transmisión sincera de opinións e valoracións. Esta construción dunha convivencia positiva no espazo escolar permitirá a abordaxe desta materia de maneira integral, polo tanto, implica tamén o tratamento da educación emocional, das habilidades sociais e comunicativas e de todos aqueles elementos necesarios para saber convivir e relacionarse.

2.2.2. Grado mínimo de consecución para superar a materia (en cursiva e vermello)

BLOQUE 1: A CONSTRUCIÓN SOCIAL DAS IDENTIDADES SEXUAIS E DE XÉNERO

IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...). *É capaz de distinguir as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes na maioría dos ámbitos presentados.*

IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes. *Logra determinar algunhas das causas destas escollas.*

IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas. *De xeito gradual, valora a igualdade e rexeita estereotipos sexistas.*

IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida. *É capaz de trasladar o visto na clase a algún exemplos da súa vida cotiá.*

IGUB1.3.1. Identifica distintos modelos de familias e reconece estereotipos na sociedade, poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizade, medios de comunicación...). *Logra identificar en distintos ámbitos, diferentes estereotipos e modelos diversos de familias.*

IGUB1.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía, e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. *Participa, de forma regular, respectando as normas de diálogo e de convivencia.*

IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia. *Distingue as emocións básicas , con exemplos cotiás.*

BLOQUE 2: RELACIÓNS DE XÉNERO E AFECTIVIDADE

IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas. *Identifica diferentes tipos de relación afectivas.*

IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas. *Distingue modelos de relacións tradicionais.*

IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade. *Aplica o visto anteriormente a algún produtos audiovisuais.*

IGUB2.2.1. Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade a partir de exemplos reais ou simulados adecuados para a súa etapa evolutiva, recoñece estereotipos culturais e posibles desigualdades. *Diferencia algúns estereotipos culturais e desigualdades relacionados coa sexualidade.*

IGUB2.2.2. Compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou vídeos propostos. *Identifica algúns roles nas relación afectivo-sexuais.*

IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates. *Distingue o respecto nas relación afectivo-sexuais.*

IGUB2.3.2. Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo. *Gradualmente, incorpora aspectos que melloran o diálogo e a convivencia na clase.*

IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos comúns e utilízalas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais. *Bo uso das TIC.*

IGUB2.3.4. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía, e realiza produtos (textuais, gráficos

e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario. *Participa, de forma regular, respectando as normas de diálogo e de convivencia.*

BLOQUE 3: DA DISCRIMINACIÓN Á IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

IGUB3.1.1. Identifica fitos na consecución de dereitos ao longo da historia da humanidade. *Distingue e valora dereitos fundamentais acadados.*

IGUB3.2.1. Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e recoñece as situacións discriminatorias que dan lugar á vulneración de dereitos humanos a través de exemplos concretos: dereito ao voto, á educación, á representación pública... *Valora a importancia dos dereitos conseguidos polas mulleres, entendendo a súa discriminación histórica.*

IGUB3.3.1. Busca e selecciona mostras da desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos: na división sexual do traballo, no acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, corresponsabilidade no ámbito doméstico, uso desigual dos espazos e aproveitamento dos tempos de ocio, uso das novas tecnoloxías, feminización da pobreza... *Distingue a maioría das discriminacións sufridas polas mulleres en determinados ámbitos.*

IGUB3.3.2. Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal. *Valora eses dereitos como parte importante para o desenvolvemento persoal.*

IGUB3.3.3. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía, e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. *Participa, de forma regular, respectando as normas de diálogo e de convivencia.*

IGUB3.4.1. Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas nalgúns dos campos do coñecemento, da realización persoal, do lecer... *Participa, regularmente, na realización dos traballos encomendados.*

IGUB3.5.1. Identifica os recursos lingüísticos que contribúen a visibilizar as mulleres no discurso a través do uso dunha linguaxe inclusiva. *Recoñece algún dos recursos para o uso dunha linguaxe inclusiva.*

IGUB3.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas. *Uso gradual desta linguaxe inclusiva.*

IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos. *Distingue algunhas situacións que conducen á igualdade de sexos.*

IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller. *Algunha vez, realiza algunha proposta para acadar a igualdade no seu contexto.*

BLOQUE 4: CARA A UNHA SOCIEDADE SEN VIOLENCIA MACHISTA

IGUB4.1.1. Identifica e xerarquiza feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios e relacións coa violencia machista. *Vincula algunhas actitudes discriminatorios coa violencia machista.*

IGUB4.2.1. Identifica algúns tipos de violencia a partir de exemplos diversos e clasifícaos (violencia psicolóxica, física...). *Recoñece algún tipos de violencia machista.*

IGUB4.2.2. Recoñece o ciclo da violencia a partir de situacións de agresións propostas. *Entende o que significa o ciclo da violencia.*

IGUB4.3.1. Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso de violencia machista, identifícaos en casos prácticos e denuncia as condutas violentas. *Identifica algún sinais de alerta.*

IGUB4.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía, e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. *Participa, de forma regular, respectando as normas de diálogo e de convivencia.*

IGUB4.4.1. Busca exemplos da trata de persoas e da escravitude sexual nos medios de comunicación. *Busca algún exemplo de escravitude sexual.*

IGUB4.5.1. Realiza un produto (cartel, folleto, presentación, artigo xornalístico, blog...) que expoña de xeito sinxelo e positivo mensaxes e propostas de solución para afrontar as situacións de violencia machista. *Participa no traballo encomendado.*

IGUB4.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas. *Uso gradual desta linguaxe inclusiva.*

2.2.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.

	PESO			ELEMENTOS TRANSVERSAIS¹
--	-------------	--	--	---

¹ CL (Comprensión Lectora); EOE (Expresión Oral e Escrita); CA (Comunicación Audiovisual); TIC (Tecnoloxías Ciencias e Información); EMP (Emprendemento); EC (Educación Constitucional e Cívica)

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	QUAL	GRAO MIN. C	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
Bloque 1. A construción social das identidades sexuais e de xénero									
IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...).	60%	20%	Rúbrica que valorará traer o material e o traballo persoal feito no caderno.	TODOS					
• IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes.	50%	10%	Rúbrica de actitude, participación e respecto ás normas de convivencia						
IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas.	80%	20%	Exposicións individuais e/ou en grupo sobre os contidos traballados						
• IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres	60%	10%							

no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida.				
IGUB1.3.1. Identifica distintos modelos de familias e reconece estereotipos na sociedade, poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizade, medios de comunicación...).	40%	20%		
IGUB1.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía, e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.	80%	20%		

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PESO CUAL	GRAO MIN. C	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	ELEMENTOS TRANSVERSAIS					
				CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
Bloque 2. Relacións de xénero e afectividade									
<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia. 	60%	10%	Rúbrica que valorará traer o material e o traballo persoal feito no caderno. Rúbrica de actitude, participación e respecto ás	TODOS					
IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas.	50%	20%							
IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou	40%	20%							

situacións simuladas.			normas de convivencia	
IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade.	60%	10%	Exposicións individuais e/ou en grupo sobre os contidos traballados	
IGUB2.2.1. Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade a partir de exemplos reais ou simulados adecuados para a súa etapa evolutiva, reconece estereotipos culturais e posibles desigualdades.	40%	20%		
IGUB2.2.2. Compara os roles do home e da muller nas relacións	40%	10%		

afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou vídeos propostos.				
IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates.	60%	10%		
IGUB2.3.2. Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo.	80%	20%		
IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos comúns	40%	10%		

e utilizaas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais.				
--	--	--	--	--

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PESO CUAL.	GRAO MIN. C.	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	ELEMENTOS TRANSVERSAIS					
				CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
Bloque 3. Da discriminación á igualdade de oportunidades									
IGUB3.1.1. Identifica fitos na consecución de dereitos ao longo da historia da humanidade.	40%	10%		TODOS					
IGUB3.2.1. Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e recoñece as situacións discriminatorias que dan lugar á vulneración de dereitos humanos a través de exemplos concretos: dereito ao voto, á educación, á representación pública...	50%	10%							

<p>IGUB3.3.1. Busca e selecciona mostras da desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos: na división sexual do traballo, no acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, corresponsabilida de no ámbito doméstico, uso desigual dos espazos e aproveitamento dos tempos de ocio, uso das novas tecnoloxías, feminización da pobreza...</p>	<p>40%</p>	<p>10%</p>	<p>Rúbrica de actitude, participación e respecto ás normas de convivencia</p> <p>Exposicións individuais e/ou en grupo sobre os contidos traballados</p>	
<p>IGUB3.3.2. Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal.</p>	<p>60%</p>	<p>10%</p>		
<p>IGUB3.3.3. Participa de</p>	<p>80%</p>	<p>10%</p>		

<p>maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía, e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.</p>				
<p>IGUB3.4.1. Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas nalgúns dos campos do coñecemento, da realización persoal, do lecer...</p>	<p>40%</p>	<p>10%</p>		
<p>IGUB3.5.1. Identifica os recursos lingüísticos que contribúen a visibilizar as</p>	<p>30%</p>	<p>10%</p>		

mulleres no discurso a través do uso dunha linguaxe inclusiva.				
IGUB3.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas.	60%	10%		
IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos.	80%	10%		
• IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller.	60%	10%		

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PESO CUAL	GRAO MIN. C.	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	ELEMENTOS TRANSVERSAIS					
				CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
Bloque 4. Cara a unha sociedades en violencia machista									
IGUB4.1.1. Identifica e xerarquiza feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios e relacións coa violencia machista.	80%	10%		TODOS					
IGUB4.2.1. Identifica algúns tipos de violencia a partir de exemplos diversos e clasifícaos (violencia psicolóxica, física...).	50%	10%	Rúbrica que valorará traer o material e o traballo persoal feito no caderno.						
IGUB4.2.2. Recoñece o ciclo da violencia a partir de situacións de agresións propostas.	50%	10%	Rúbrica de actitude, participación e respecto ás normas de convivencia						
IGUB4.3.1. Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso	80%	20%	Exposicións individuais e/ou en						

de violencia machista, identifícaos en casos prácticos e denuncia as condutas violentas.			grupo sobre os contidos traballados
IGUB4.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía, e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.	80%	20%	
IGUB4.4.1. Busca exemplos da trata de persoas e da escravitude sexual nos medios de comunicación.	40%	10%	
IGUB4.5.1. Realiza un produto (cartel, folleto, presentación,	80%	20%	

artigo xornalístico, blog...) que expoña de xeito sinxelo e positivo mensaxes e propostas de solución para afrontar as situacións de violencia machista.				
--	--	--	--	--

A avaliación, dentro do proceso de ensino-aprendizaxe tal e como o concibimos, está destinada basicamente a medir o seu bo funcionamento, a súa eficacia. Polo tanto, deberá cumprir dúas funcións: corrixir e/ou axustar a propia programación e verificar o grao de consecución dos obxectivos, competencias e estándares de aprendizaxe por parte do alumnado. Para tal fin, deberá estar integrada no propio proceso de ensino-aprendizaxe, polo que distinguiremos tres pasos ou momentos distintos pero complementarios:

- **Avaliación inicial:** Realízase a comezo de curso, coa finalidade de coñecer que sabe e como o sabe o alumnado, para así adecuar as intencións aos seus coñecementos previos e necesidades.
Na nosa materia non é preciso recuperar contidos dos cursos anteriores, pero si procede realizar unha proba escrita ou actividade para coñecer a percepción concreta do alumnado sobre o tema da igualdade de xénero, o seu grao de desenvolvemento das competencias clave e a súa situación persoal no curso que comeza, sobre todo a nivel emocional e afectivo.
- **Avaliación formativa:** Serve para regular o proceso e introducir o axustes que en cada momento consideremos oportunos.
- **Avaliación sumativa (ou final):** confirma se se conseguiron os obxectivos propostos se acadaron as competencias e dela derívase a cualificación final e/ou a proposta de promoción ou non de cada alumno

A nosa avaliación terá, polo tanto, os seguintes trazos:

- Non nos limitaremos a cualificar e empregaremos, sempre que sexa posible, enfoques cualitativos e personalizados mediante a observación do alumnado.
- Empregaremos procedementos axeitados e variados: actividades e retos de aula, libros de lectura, traballos escritos (a man ou en soporte informático), diario de aula, debates sobre contidos centrais da materia, exposicións orais, a actitude colaborativa, a progresiva superación de actitudes machistas, etc.
- Será continua, no sentido de interrelacionar conceptos, procedementos, actitudes e competencias, tanto ao inicio como ao final do proceso de aprendizaxe.
- É un proceso que nos permite retroalimentarnos e autoavaliarnos a nós e ao noso alumnado.

Os instrumentos de avaliación aplicaranse en dous sentidos:

Avaliación do rendemento do alumnado:

- ✓ Observación directa do traballo na aula (con rúbrica*)
- ✓ Uso de rúbricas para a corrección dos traballos encomendados: retos de aula, traballo de investigación, control de lectura, exposicións orais...
- ✓ Autoavaliación e reflexión sobre os contidos aprendidos no diario de aula que deberá ser entregado ao final de cada trimestre.

Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe:

Tamén se desenvolverá unha avaliación da ensinanza, realizando un seguimento regular do desenvolvemento do curso, a través do diálogo co alumnado, intentado axustar a programación ás súas necesidades e intereses vitais. Así mesmo, ao remate de cada trimestre pasarase unha enquisa ao alumnado para que valoren o labor do profesor, así como o seu grao de satisfacción coa materia e a consecución ou non dos obxectivos da mesma.

3. Concrecións metodolóxicas que require a materia

- O docente será unha guía no proceso de descuberta-aprendizaxe do alumnado, quen será o verdadeiro protagonista, desenvolvendo a súa autonomía cognitiva, afectiva e moral.
- O diálogo será o pilar fundamental desta materia, ademais as clases completaranse con fragmentos de películas, anuncios publicitarios, cancións e indagacións en Internet que nos resulten útiles.
- Facilitarase o traballo autónomo do alumnado, estimulando tamén as súas capacidades para o traballo en equipo, favorecendo situacións de aprendizaxes contextualizadas.
- Impulsarase a busca de todo tipo de información e a súa interpretación.
- Potenciarase a utilización de formatos dixitais na realización de tarefas e na presentación de traballos.

4. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

- Na explicación dos contidos teóricos utilizaranse distintos materiais (fichas explicativas, pwp, internet, prensa escrita...).
- Material bibliográfico da biblioteca do centro.
- Recursos audiovisuais.
- Libros de lectura relacionados coa materia
- Como material de apoio, libro de texto de Anaya, **Cambios sociales y género**.
- Manual didáctico **Máis alá do azul e do rosa**, Editorial Galaxia.

5. Actividades de aprendizaxe

- As actividades realizadas basearanse, principalmente, na visualización e análise posterior de presentacións en PWP, prensa, vídeos, anuncios, fragmentos de películas e textos nos que aparezan os contidos referidos.
- Traballos de investigación, individuais e/ou grupais (sempre que as circunstancias sanitarias o permitan).
- Diálogo e posta en común dos traballos na aula.

6. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

- **Criterios de avaliación** (currículo da materia- DOGA)
- **Criterios de cualificación**

As porcentaxes dos criterios de cualificación serán as seguintes:

20% - DIARIO DE AULA (valoración feita polo alumnado no seu caderno físico ou dixital, de xeito diario e despois de cada sesión de clase). No diario de aula valórase:

- que o alumnado redacte, un resumo coherente e ordenado dos temas tratados na aula
- que o alumnado recolla unha pequena reflexión persoal sobre o que vai aprendendo, sobre as dúbidas que ten e sobre as diversas posturas que xurdan nos debates
- que o alumnado recolla conceptos teóricos, datos estatísticos e citas concretas que resulten significativos para comprender a igualdade.
- que o alumnado redacte con corrección gramatical e ortográfica, con caligrafía lexible e cunha presentación limpa e coidada nas formas

25% - RETOS DE AULA; son actividades breves de carácter práctico destinadas fomentar a reflexión sobre temas relacionados coa igualdade de xénero e que o alumnado deberá entregar ao profesor (fichas de traballo na aula, **dúas ou tres por trimestre**). Os retos de aula tamén poden consistir en actividades orais como microdebates ou exposicións de carácter breve sobre temas da materia.

25% - TRABALLO DE INVESTIGACIÓN relacionado con algún proxecto de igualdade; preferentemente, optaremos por traballos individuais, dadas as circunstancias sanitarias derivadas dos protocolos COVID; se o docente o estima oportuno, poden ir acompañados dunha exposición oral na aula. De ser en grupo, a nota dos traballos non ten que ser coincidente para todos os membros do mesmo, dependendo do seu esforzo e actitude. Haberá un traballo de investigación por trimestre.

20%- LIBRO DE LECTURA; haberá unha lectura obrigatoria por avaliación (a escoller entre dúas propostas), da que o docente efectuará unha proba escrita con preguntas guiadas sobre o seu contido (no caso de que o ensino non poida ser presencial, o

alumno demostrará a lectura cunha gravación en vídeo de 5 minutos onde resuma e opine sobre o mesmo). As lecturas obrigatorias para este curso son:

1º trimestre (escoller unha obra):

- Chimamanda Ngozi Adichie, ***Todos teríamos que ser feministas***, Sushi Books.
- Gemma Lienas, ***O diario violeta de Carlota***, Galaxia

2º trimestre (escoller unha obra):

- Sylvain Ricard & James, ***Con locura: amor y malos tratos***, Panini.
- Iván Larreynga & Pamela Valenciano, ***Si es amor, no duele***, Blackbirds.

3º trimestre (escoller unha obra):

- Iria Misa, ***Mamá, quero ser Ziggy Stardust***, Xerais (novela)
- Nee Barros, ***Identidade***, Galaxia (teatro)

Así mesmo, ao longo do curso o alumnado terá ao seu dispor unha **lista de lecturas optativas** (vid. ANEXO 1) coas que poderá compensar, **ata un 20% da nota**, a non obtención da puntuación máxima nalgún dos apartados sinalados anteriormente.

10% - ACTITUDE, na que se terán en conta cinco items básicos:

- escoita atenta e respectuosa das explicacións teóricas do docente
- posesión e uso do material escolar
- respecto polo docente e polos compañeiras e compañeiros de aula, sen ataques persoais nin actitudes agresivas, de burla e/ou acoso
- participación activa nas actividades de aula, con respecto das quendas de diálogo e dos tempos marcados para posibles intervencións
- cumprimento de prazos na entrega de exercicios e traballos, puntualidade á hora de comezar a clase e os labores encomendados na mesma

Por último, **serán consideradas graves ou moi graves** e penalizadas cun **0** na nota deste apartado as actitudes sexistas que contradigan os principios éticos dunha materia que promove a igualdade como principio fundamental, sobre todo se eses comportamentos se manteñen ao longo do curso, sen ningún intento por corrixilos ou desbotalos, e se se exercen como un ataque intencionado contra a convivencia do grupo.

IMPORTANTE:

A nota final será a media aritmética das tres avaliacións.

Promoción do alumnado

Aquel alumnado que non entregue o diario de aula ao remate de cada trimestre nin realice o traballo de investigación e/ou o control de lectura obrigatoria, non superará a avaliación correspondente.

No caso de non superar a materia en xuño, en setembro deberá entregar as tarefas marcadas polo docente, ou realizar unha proba escrita sobre os contidos básicos explicados durante o curso.

Axustes para un ensino non presencial

En caso de que sexa preciso abandonar o ensino presencial, manteranse os criterios de cualificación, pero axustaranse os procedementos e instrumentos de avaliación, que quedarán como segue:

- As explicación teóricas sobre os contidos da materia efectuaranse por videoconferencia grupal e, en casos excepcionais (para atender dúbidas e dificultades específicas) de xeito individual.
- A avaliación das probas orais (exposición sobre traballo trimestral) realizarase mediante procedementos como arquivos de audio e vídeo, e avaliaríanse mediante a rúbrica correspondente.
- Para a valoración da lectura obrigatoria utilizaremos arquivos de audio e vídeo e videoconferencias individualizadas.
- A parte escrita dos traballos de investigación e os retos de aula entregaranse a través da aula virtual do centro e serán cualificados a través dunha rúbrica.
- Por último, modificaranse os ítems para cualificar as **actitudes** (0,5 puntos), adaptándoos a un entorno virtual; quedarían do seguinte xeito:
 - *Conéctase regularmente nas horas de clase virtual (0,1)*
 - *Está visible e coa actitude axeitada nas videoconferencias (0,1)*
 - *Colabora activamente no desenvolvemento das clases (0,1)*
 - *Mantén unha comunicación regular co docente e participa na actividade académica con regularidade (0,1)*
 - *Envía os traballos/tarefas na forma e prazo axeitados (0,1).*

7. Concreción dos elementos transversais que se traballarán ao longo do curso.

A materia de **Igualdade de xénero (2º ESO)** é toda ela un compendio de educación en valores, centrados en aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a convivir e aprender a ser. Enfocarase en dúas direccións:

- Valores sociais que debe coñecer, respectar e aplicar o alumnado, baseados nos dereitos humanos e constitucionais, incluídos no temario.
- Valores de tipo individual que se deben seguir desenvolvendo no alumnado: espírito crítico, curiosidade, liberdade e responsabilidade.

8- Actividades extraescolares e complementarias

Se as circunstancias sanitarias o permiten, programaremos algunha saída didáctica ao cine ou teatro para asistir a algunha obra relacionada coa promoción dos valores da igualdade de xénero.

9. ANEXO

LECTURAS VOLUNTARIAS

- Alca, Bárbara & Pacheco, Anna, ***Tío, cállate.***
- Alonso, Ana, ***Amar sin red,*** Anaya.
- Bagieu, Pénélope, ***Valerosas 1. Mujeres que solo hacen lo que ellas quieren.***
- Bagieu, Pénélope, ***Valerosas 2. Mujeres que solo hacen lo que ellas quieren.***
- Brenot, Philippe & Coryn, Laetitia, ***Sex story. La primera historia de la sexualidad en cómic.***
- Clint, Emma, ***La carga mental***
- Dolera, Leticia, ***Morder la manzana***
- García de la Cueva, Carmen, ***Mamá, quiero ser feminista***
- Iglesias, Carolina, ***El amor, qué movida***
- Lienas, Gemma, ***O diario vermello de Carlota***
- Lienas, Gemma, ***El diario azul de Carlota***
- Marroquí, Marina, ***Eso no es amor***
- Mathieu, Jennifer, ***Moxie. La revolución de las chicas***
- Mejuto, Eva, ***22 segundos***
- Moderna de Pueblo, ***Idiotizadas***
- Murnau, María e Sotillo, Helen, ***Feminismo ilustrado***
- Negro, Carlos, ***Penúltimas tendencias***
- Reimóndez, María, ***Fóra do normal***
- Salazar, Octavio, ***#WETOO***
- Serra, Clara, ***Manual ultravioleta***
- Silverberg Cory & Smyth Fiona, ***Sexo es una palabra divertida,*** Edicións Bellaterra

NOTA:

Esta lista poderá ser ampliada ao longo do curso coas novidades editoriais referidas á materia de igualdade de xénero.